



A Comisión Autónoma Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 13 de marzo de 2014, á vista da solicitude presentada pola Comisión de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña, Hospital da Costa e Hospital Universitario Lucus Augusti **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

FENTANILO CITRATO comprimidos sublinguais

na indicación de:

Tratamento da dor irruptiva en pacientes que xa reciben tratamento de mantemento con opiáceos para dor crónica oncolóxica (polo menos 60 mg de morfina oral diarios, 25 microgramos de fentanilo transdérmico cada hora, 30 mg de oxicodona diarios, 8 mg de hidromorfona oral diarios ou unha dose equianalxésica de outro opioide durante unha semana ou máis), **nas seguintes condicións de uso:**

- Para pacientes ingresados que non dispoñan dunha vía de administración parenteral de morfina.
- Para titulación de dose e adestramento do paciente previamente á alta hospitalaria, coa finalidade de conseguir unha correcta utilización no domicilio.

Na indicación anterior é importante resaltar:

- Debe diferenciarse claramente a dor irruptiva (exacerbación transitoria da dor que se produce sobre unha base de dor persistente controlada por outros medios) dunha posible agudización da dor basal.
- A utilización deste medicamento realizarase en unidades clínicas habituadas ao manexo de opioides no paciente con cancro.
- Considéranse os comprimidos sublinguais as formas farmacéuticas máis idóneas entre as formas de administración bucal, por requirir menor tempo de aplicación, facilitar a administración e adherencia, ademais de aplicarse nunha zona de alta absorción,

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2014

O PRESIDENTE DA COMISIÓN AUTONÓMICA CENTRAL DE FARMACIA E TERAPÉUTICA

D. Félix Rubial Bernárdez

COMISIÓN DE FARMACIA E TERAPÉUTICA DOS CENTROS HOSPITALARIOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

